Luís María Fernández del Olmo (1 para 2)
Secretario
Data de Sinatura: 15/07/2020
HASH: 81f201c5a6d700533cb6448bebc3716b

José Demetrio Salgueiro Rapa (2 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 15/07/2020
HASH: 9f084b6d223b366d60211c08b5604f2e

Expediente núm.: 438/2020
Procedemento: CONCURSO OPOSICION 1 PRAZA DE TRABALLADOR/RA SOCIAL (PERSOAL LABORAL INTERINO)
DOCUMENTO ASINADO POR: O ALCALDE E O SECRETARIO

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. JOSE DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove;

VISTA a Resolución de Alcaldía de data 14 de xullo de 2020 obrante no expediente que a seguir se transcribe:

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove:

VISTA a certificación expedida polo Secretario Municipal obrante no expediente acreditativa dos candidatos presentados ao concurso – oposición convocado mediante Anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 150 de data 2 de xullo de 2020 para a provisión de unha (1) praza de Traballador/ra Social (Persoal Laboral interino).

Revisada a documentación aportada en cada unha das solicitudes de participación presentada.

En cumplimento do disposto na Base 10 das reguladoras do citado procedemento de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 25 de xuño de 2020.

No uso das comptencias que me outorga o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril.

Pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a Lista Provisional de Admitidos e Excluídos no procedemento selectivo de razón que a seguir se transcribe:

<u>ADMITIDOS/AS</u>

SONIA PEREZ VILABELLA
DIANA FERNÁNDEZ CANDIA
OSCAR JOSÉ RODRIGUEZ LÓPEZ

Cod. Validación: 6FRA973DPYFWSMTA7DTNRNZNJ | Corrección: https://xove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 4

JULIA VEGA CARTOY
LORENA BOUZA PIÑON
KATERINA QUIROGA GARCÍA
SILVIA LÓPEZ MÉNDEZ

EXCLUIDOS/AS

Non hai.

Tal e como sinala a citada Base 10 no seu último parágrafo, o feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereito no procedemento selectivo.

SEGUNDO.- Como quera que no hai ningún candidato/ta excluído/da, por economía procedimental e por carecer de sentido, a presente LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS elévase a DEFINITIVA.

TERCEIRO.-Ordear a publicación da LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS no Taboleiro Municipal e na páxina web municipal salientando que contra a presente Resolución os interesados poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios do Concello ou recurso contencioso-administrativo, diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

Mandoo e asinoo.

TENDO EN CONTA o disposto na Base 12 das reguladoras do citado procedemento de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 25 de xuño de 2020.

No uso das competencias que me outorga o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO,**

PRIMEIRO. Proceder a designación dos membros do

Cod. Validación: 6FRA973DPYFWSMTA7DTNRNZNJ | Corrección: https://xove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 4

Tribunal de Selección:

Presidente Titular: D. Alberto Rapa Martínez (Encargado do Negociado de Recursos Humanos).

Vocais:

Dna. María Dolores Rodríguez Moreda (Traballadora Social do Concello de Burela)

D. Luis María Fernández del Olmo (Secretario Municipal)

Dna. Elena Santos Rey (Intereventora Municipal)

Secretario:

D. Pablo Sánchez Lage (Administrativo)

SEGUNDO.- A celebración das probas da Fase de Oposición terá lugar ás 10´30 horas do día 23 de xullo de 2020, xoves , na Aula de Formación do Concello de Xove (Camino Real s/n – Xove) debendo os participantes comparecer no lugar designado 30 minutos antes, ás 10´00 horas, do inicio das probas provistos do DNI e de bolígrafo/s non permitíndose a utilización de ningunha outra clase de material durante a celebración das probas.

Cinco minutos antes do inicio das probas se efectuará un último chamamento. Aqueles participantes que non estiveran presentes quedarán automática e irrevocablemente excluídos.

Cod. Validación: 6FRA973DPYFWSMTA7DTNRNZNJ | Corrección: https://xove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 3 a 4

TERCEIRO.- Notifíquese a presente Resolución que sirve de citación ao Tribunal e aos aspirantes consonte sinala a citada Base 12 mediante a súa publicación no taboleiro municipal de anuncios e na páxina web do Concello de Xove.

Mándoo e asínoo.

Cod. Validación: 6FRA973DPYFWSMTA7DTNRNZNJ | Corrección: https://xove.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 4 a 4